Provincia de Pontevedra:

-IES Sánchez Cantón. Avda. Raíña Victoria, Pontevedra.

3. Presentación dos candidatos ou candidatas.

a) Os/as candidatos/as deberán realizar as probas na provincia a que pertenza o centro educativo público en que se atope o seu expediente académico.

b) Para a realización das probas os candidatos ou candidatas acreditarán a súa identidade co DNI, pasaporte ou calquera outro documento recoñecido en dereito.

Santiago de Compostela, 29 de abril de 2009.

José Luis Mira Lema
Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

*ANEXO*

Tribunal:

Presidente: José Graña Carrodeguas, subdirector xeral de Inspección, Avaliación e Calidade do Sistema Educativo por delegación do director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Vogais:

-Berta Estrada Arias, inspectora de educación.

-Agustín Hermida López, inspector de educación.

-Samuel Lago Fernández, inspector de educación.

-José Ramón Pereiró Rodríguez, inspector de educación.

-Gonzalo Sanmartín Brey, profesor de ensino secundario.

Secretario: Leopoldo Bahillo Varela, funcionario da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

## CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

*Corrección de erros.-Orde do 29 de abril de 2009 pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2009.*

Advertido erro na Orde do 29 de abril de 2009, publicada no DOG nº 87, do 6 de maio, pola que se modifica a Orde do 24 de xuño de 2008 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas en réxime de concorrencia competitiva para a renovación do parque de maquinaria agrícola da Comunidade Autónoma de Galicia e se convocan para o ano 2009, cómpre facer a seguinte corrección:

Na páxina 8.366, no artigo 7º.-Solicitudes e documentación. Onde di: «O artigo 7º.1 nos seus puntos k) e r) queda redactado como segue:», debe dicir: «O artigo 7º.2 nos seus puntos k) e r) queda redactado como segue:».

*Orde do 12 de maio de 2009 pola que se convocan para o ano 2009 as axudas para facilitarlles o acceso á propiedade aos titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia.*

A Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos, regula o réxime xurídico das parzarías e arrendamentos rústicos históricos de Galicia, entendendo por tales aqueles que se pactaron con anterioridade a agosto de 1942, sexa cal fose a súa procedencia xurídica inicial e que compoñen no seu conxunto unha institución histórica propia de Galicia. Esta lei establecía que as parzarías e os arrendamentos rústicos históricos que estivesen vixentes na data da súa entrada en vigor quedarían prorrogados ata o 31 de decembro de 2005.

A publicación da Lei 6/2005, do 7 de decembro, pola que se modifica a Lei 3/1993, do 16 de abril, introduce unha nova prórroga nos arrendamentos rústicos históricos e nas parzarías ata o 31 de decembro de 2010.

Ao abeiro desta lei aprobouse o Decreto 182/2006, do 26 de outubro (DOG nº 208, do 27 de outubro), polo que se establecen medidas para facilitar o acceso á propiedade a titulares de arrendamentos históricos e parzarías a que se refire a Lei 3/1993, do 16 de abril, das parzarías e dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia, modificada pola Lei 6/2005, do 7 de decembro, fixando un réxime de axudas dirixido a aquelas persoas titulares de arrendamentos históricos ou parzarías que exerzan o seu dereito de acceso á propiedade.

As axudas cumpren cos requisitos exixidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, así como co establecido nas directrices comunitarias sobre axudas estatais ao sector agrario e forestal 2007-2013 (2006/C 319/01).

Así mesmo, o Decreto 182/2006, do 26 de outubro (DOG nº 208, do 27 de outubro), establece, con carácter indefinido, as bases reguladoras das axudas para aquelas persoas titulares dos arrendamentos históricos e parzarías de predios rústicos que exerzan o seu dereito de acceso á propiedade.

Cómpre realizar a convocatoria correspondente a este ano 2009 e, de conformidade co artigo 30.1.3 do